

Resolución da Xefatura Territorial da Consellería do Mar na Coruña pola que se comunica o emprego da lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión conxunto do recurso específico OURIZO, modalidade mergullo con subministro de aire dende superficie, das confrarías de pescadores de Camariñas, Camelle, Corme, Laxe, Malpica e Muxía.

Antecedentes

1. A Orde do 22 de decembro de 2021 aprobou os plans de xestión para recursos específicos e algas en Galicia para o trienio 2022-2024. (DOG Núm. 251, de 31.12.2021).

De conformidade co expediente de aprobación do plan de xestión conxunto para o recurso específico Ourizo (PE410A 2021/02-1), modalidade con subministro de aire dende superficie, das confrarías de pescadores de Camariñas, Camelle, Corme, Laxe, Malpica e Muxía, establécese como número máximo de participantes para o trienio o de 15 embarcacións e no apartado de consideracións, en relación aos mergulladores habilitados, indícase:

"Participantes: *Acéptase un número de 15 embarcacións e 44 tripulantes para o ano 2022. Establecese un número máximo de 3 tripulantes por embarcación.*

Nos anos seguintes podería incrementarse o número de tripulante ata 45 para cubrir o número máximo de 3 tripulantes por embarcación, pero este incremento estará condicionado ao estado do recurso. ..."

2. Unha vez finalizado o proceso de renovación do 2021 deste recurso específico nas entidades que participan no plan de xestión conxunto, o número de embarcacións coa modalidade no permiso de explotación autorizadas para participar é de 15 embarcacións e 43 habilitacións. Destas embarcacións, na actualidade, 13 contan co número máximo de 3 tripulantes por embarcación con dereito a cota.

3. O 27.09.2022 esta xefatura territorial comunicou a proposta á confraría de pescadores de Camariñas, como entidade que ostenta a representación deste plan de xestión conxunto, para proceder á cobertura dunha cota entre as embarcacións participantes de acordo co aprobado no plan de xestión. Nesta comunicación outorgábaselles un prazo de tres (3) días hábiles para que presentasen as observacións que considerasen oportunas e que de non recibir resposta no prazo sinalado entenderíase como positiva a proposta realizada por esta xefatura territorial. Transcorrido o dito prazo non se recibiu resposta por parte da entidade.

4. A Resolución do 14.10.2022 desta xefatura territorial, abriu o prazo de presentación solicitudes para a elaboración da lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión conxunto para o recurso específico Ourizo, modalidade con subministro de aire dende superficie, das confrarías de pescadores de Camariñas, Camelle, Corme, Laxe, Malpica e Muxía.





5. Por Resolución do 21.11.2022 desta xefatura territorial publicouse a lista provisional de puntuacións das embarcacións admitidas ao proceso de elaboración da lista para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión conxunto do recurso específico Ourizo, modalidade mergullo con subministro de aire dende superficie, das confrarías de pescadores de Camariñas, Camelle, Corme, Laxe, Malpica e Muxía e as embarcacións excluídas do proceso.

6. O proceso de elaboración da lista indicada no punto anterior rematouse o 13.01.2022 mediante a Resolución desta xefatura territorial pola que se fixo pública a lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión conxunto.

Consideracións legais e técnicas

1. A Orde do 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, establece nos artigos 39 a 46 o procedemento para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión. No seu artigo 39 establece un sistema de lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión na que a orde de prelación das embarcacións virá determinado pola puntuación obtida trala aplicación do baremo previsto no artigo 43.1.

2. A Resolución do 13.01.2022 desta xefatura territorial aprobou e fixo pública a relación coas puntuacións obtidas polas embarcacións admitidas na convocatoria para a elaboración da lista para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión conxunto.

4. As solicitudes presentadas valoráronse de acordo co establecido no anexo I (epígrafes A e C) da Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para acceder ás modalidades de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións, así como para elaborar as listas e actualizar os méritos para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos específicos, modificada pola Resolución do 18 de maio de 2020, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

5. O número de cotas existente na actualidade (43), é inferior ao número de cotas máximo establecido para o ano 2022 (44) no plan de xestión conxunto, polo tanto empregase a lista elaborada para ofertar a cota dispoñible ás embarcacións de acordo coa orde de prelación nela.

6. No artigo 46 da Orde do 30 de decembro de 2015, régúlase o emprego das listas, as ofertas das cotas e as causas da exclusión das ditas listas, indicando que as persoas que non acepten os incrementos ofertados durante dúas veces consecutivas sen causa xustificada non recibirán unha nova oferta durante un prazo de doce (12) meses.

7. No caso de renunciaren aos incrementos ofertados durante tres (3) veces consecutivas sen causa xustificada, perderán os seus dereitos e a embarcación quedará excluída da lista por un período de dezoito (18) meses, podendo solicitar de novo a súa inscrición unha vez transcorrido o dito prazo.

8. A Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para acceder ás modalidades de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións, así como para elaborar as listas e actualizar os méritos para o





incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos específicos, modificada pola Resolución do 18 de maio de 2020, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, indica:

- no apartado A.3 do anexo I que con carácter xeral, para o incremento, o número de cotas asignadas ás embarcacións estará en función das persoas que teñan enroladas, á vista do rol de despachos actualizado da embarcación coa dotación da tripulación enrolada nela e das certificacións profesionais de cada unha delas e considerarase que o rol de despachos está actualizado á data en que a xefatura territorial comunique o emprego da lista para o incremento de cotas nas embarcacións.
- no apartado A.4 do anexo I que o outorgamento de prazas quedará limitado ao número máximo de tripulantes autorizados/as pola Administración marítima.

9. Esta xefatura territorial é o órgano competente para a elaboración e o control das listas, así como para a súa actualización e para comunicar o seu emprego de conformidade co establecido na sección 4ª do capítulo III e o artigo 52 da Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

De acordo con todo o anterior, esta xefatura territorial,

RESOLVE:

1. Comunicar á persoa armadora da embarcación integrante da lista aberta vixente para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión conxunto do recurso específico OURIZO, modalidade mergullo con subministro de aire dende superficie, das confrarías de pescadores de Camariñas, Camelle, Corme, Laxe, Malpica e Muxía o uso da lista para ofertar unha (1) cota.

2. Ofertar a cota vacante á seguinte embarcación, consonte a seguinte táboa de acordo á orde de prelación na lista e tendo en conta o número de cotas das que dispón na actualidade a embarcación, o número máximo de tripulantes que constan no certificado de conformidade e o límite de 3 habilitacións por embarcación que fixa o plan de xestión do recurso:

Confraría	Embarcación	Matrícula	Folio	Cotas actuais	Nº máximo tripulantes (certificado conformidade)	Cotas ofertadas
Camariñas	MARÍA DEL PILAR	CO-4	1961	2	3	1

3. A cota asignarase a dita embarcación en función das persoas que teña enroladas, á vista do rol de despachos da embarcación coa dotación da tripulación enrolada nela e das certificacións profesionais de cada unha de elas. Para a comprobación disto a persoa armadora da embarcación seleccionada disporá dun prazo de quince (15) días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución para presentar a seguinte documentación:

- a) Escrito debidamente asinado no que se indique o número de cotas que se solicitan respecto das ofertadas, identificando aos tripulantes enrolados que contan coa certificación profesional correspondente.





- b) Rol de despachos actualizado da embarcación coa dotación de tripulación enrolada nela.
- c) Certificacións profesionais que correspondan ás persoas tripulantes enroladas, agás as expedidas pola Consellería do Mar, de ser o caso. A autorización expresa para a consulta destes datos realizarase empregando o anexo X da Orde do 30 de decembro de 2015.
- d) As embarcacións seleccionadas deberán pagar a taxa correspondente para a expedición dos novos permisos de explotación onde quedará reflectido o novo número de cotas.

O artigo 10 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, establece a obrigatoriedade para as persoas traballadoras autónomas de relacionarse a través de medios electrónicos no ámbito do sector público autonómico para os trámites e as actuacións que realicen no exercicio da súa actividade profesional. Por tanto, as solicitudes e a documentación indicada, deberán presentarse por vía electrónica a través do formulario normalizado PX006A (achega de documentación adicional) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Para a presentación da documentación será necesario identificarse electronicamente mediante calquera dos sistemas de identificación e sinatura admitidos pola sede da Xunta de Galicia.

As persoas que dentro do prazo fixado non presentasen a documentación ou do exame dela se deducise que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 1.2 da convocatoria, entenderase que non aceptan a oferta do incremento de cotas por desestimento.

De acordo co disposto no Decreto 425/1993, do 17 de decembro e a Orde do 30 de decembro de 2015, as embarcacións seleccionadas que presentasen a documentación dentro do prazo establecido deberán cumprir ademais cos seguintes requisitos para a obtención do incremento das cotas asignadas:

- a) Non ter sancións firmes en vía administrativa en materia de protección de recursos mariños, pendentes de pagamento.
- b) Que as persoas tripulantes estean en posesión dos certificados profesionais correspondentes.
- c) O/A armador/a da embarcación non poderá ser titular dun permiso de explotación a pé para recursos específicos, debendo renunciar a este.

As persoas armadoras que non acepten os incrementos ofertados durante dúas veces consecutivas sen causa xustificada non recibirán unha nova oferta durante un prazo de doce (12) meses. No caso de renunciar aos incrementos ofertados durante tres (3) veces consecutivas sen causa xustificada, perderán os seus dereitos e a embarcación quedará excluída da lista por un período de dezoito (18) meses, podendo solicitar de novo a súa inscrición unha vez transcorrido o dito prazo.

A presente resolución publicarase no taboleiro de anuncios da xefatura territorial de A Coruña e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>. A resolución tamén se exporá, con carácter informativo nos taboleiros de anuncios das confrarías de pescadores de Camariñas, Camelle, Corme, Laxe, Malpica e Muxía.

De conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (BOE núm, 236, do 2 de outubro de 2015), contra esta resolución, que no esgota a vía administrativa, poderase interpor recurso de alzada ante a Consellería do Mar no prazo dun (1) mes a contar dende o día seguinte ó da súa notificación.





Esta resolución notifícaselle ás confrarías de pescadores de Camariñas, Camelle, Corme, Laxe, Malpica e Muxía, como entidades titulares do plan de xestión conxunto de ourizo, consonte ao artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

A xefa territorial
María José Cancelo Baquero
(sinatura electrónica)



ANEXO I:
LISTA ABERTA PARA O INCREMENTO DE COTAS DE CAPTURA PARA AS EMBARCACIÓNS INCLUÍDAS NO PLAN DE XESTIÓN CONXUNTO DO RECURSO ESPECÍFICO OURIZO (ordenadas por orde de puntuación)

Confraría	Embarcación	Cotas actuais	Nº máximo tripulantes (certificado conformidade)	Matrícula	Folio	Embarcación cunha soa cota de captura C.1	Experiencia profesional persoa armadora C.2	Habitualidade da actividade pesqueira C.3	Total
Camariñas	MARÍA DEL PILAR	2	3	CO-4	1961	0,00	2,60	2,00	4,60

Os epígrafes de cada columna son: (de acordo co apartado C do anexo I da Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para acceder ás modalidades de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións, así como para elaborar as listas e actualizar os méritos para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos específicos, modificada pola Resolución do 18 de maio de 2020, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro)

- **TOTAL:** puntos acadados en total.
- **C.1: Embarcacións que só teñen unha cota de captura no plan de xestión: 5 puntos.**
- **C.2: Experiencia profesional no sector da persoa armadora da embarcación.**
Terase en conta que a persoa armadora estivese enrolada como mergullador en embarcacións que contan coa modalidade nos 2 anos anteriores á data da convocatoria: 0,2 puntos/mes completo. Para as embarcacións que solicitan a inscrición na lista, unha vez confeccionada, entenderase nos 2 anos anteriores á data da entrada da súa solicitude no Rexistro electrónico da Xunta de Galicia.
A puntuación máxima total que se poderá obter nesta epígrafe será de 4 puntos.
- **C.3: Habitualidade da actividade pesqueira.**
 - Se a embarcación acredita ter realizado actividade extractiva entre 15-35 % dos días que foron efectivamente autorizados para a extracción dentro do plan de xestión do ano natural inmediatamente anterior: 1 punto.
 - Se a embarcación acredita ter realizado actividade extractiva entre 35,01-60 % dos días que foron efectivamente autorizados para a extracción dentro do plan de xestión do ano natural inmediatamente anterior: 2 puntos.
 - Se a embarcación acredita ter realizado actividade extractiva superior a un 60,01 % dos días que foron efectivamente autorizados para a extracción dentro do plan de xestión do ano natural inmediatamente anterior: 3 puntos, Para as embarcacións que solicitan a inscrición na lista, unha vez confeccionada, entenderase o ano natural inmediatamente anterior á data da entrada da súa solicitude no Rexistro electrónico da Xunta de Galicia.
A puntuación máxima total que se poderá obter nesta epígrafe será de 3 puntos.

